

IGAPE RESPONDE

PROGRAMA **IGAPE RESPONDE**



INSTITUTO GALEGO
DE PROMOCIÓN
ECONÓMICA

**XESTIÓN DE ENVASES E
IMPULSO DA ECONOMÍA
CIRCULAR.
COMO AFECTA A NOVA
LEXISLACIÓN**

REAL DECRETO 1055/2022 DE ENVASES E RESIDUOS DE ENVASES



BOLETÍN OFICIAL DEL ESTADO



Núm. 311

Miércoles 28 de diciembre de 2022

Sec. I. Pág. 185982

I. DISPOSICIONES GENERALES


MINISTERIO PARA LA TRANSICIÓN ECOLÓGICA Y EL RETO DEMOGRÁFICO

22690 *Real Decreto 1055/2022, de 27 de diciembre, de envases y residuos de envases.*

[Enlace web](#)


CONTEXTO

ECONOMÍA LINEAL → **COLLER, USAR, TIRAR** → **NON É SOSTIBLE**



CONTEXTO

ECONOMÍA CIRCULAR



REAL DECRETO 1055/2022

¿PARA QUE?



Contribuír á transición cara a unha economía circular



Contribuír aos obxectivos da UE

¿COMO?



Establecendo medidas para previr a produción de residuos de envases

¿QUE?



Redución da produción de residuos de envases



Reutilización de envases



Reciclado de residuos de envases



Valorización de residuos de envases

ÁMBITO DE APLICACIÓN

Todos os envases postos no mercado e residuos de envases xerados no territorio do Estado, independentemente de que se usen ou produzan na industria, comercio, oficinas, establecementos comerciais, servizos, fogares, ou en calquera outro sitio, sexan cales sexan os materiais utilizados.

REAL DECRETO 1055/2022

¿Que é un envase?

Produto fabricado con materiais de calquera natureza que se empregue para conter, protexer, manipular, distribuír e presentar mercancías, desde materias primas a artigos acabados, en calquera fase da cadea de fabricación, distribución e consumo. Considéranse tamén envases tódolos artigos desbotables empregados con este mesmo fin.

Tipos de envases

Envase doméstico
Envase comercial
Envase industrial
Envase de servicio

Envase reutilizable
Envase composto
Envase superfluo

Envase primario ou de venta
Envase secundario ou colectivo
Envase terciario ou de transporte



REAL DECRETO 1055/2022

¿Que é un envase?

- ✓ Caixas de doces
- ✓ Película ou papel de envolver de caixas de CD
- ✓ Bolsas de envío de catálogos e revistas (que conteñen unha revista)
- ✓ Moldes de repostería vendidos con pezas de repostería
- ✓ Rolos, tubos e cilindros ao redor dos cales se enrola un material flexible, excepto rolos, tubos e cilindros destinados a formar parte da maquinaria de produción e que non se utilizan para presentar un produto como unidade de venda
- ✓ Macetas destinadas a ser utilizadas unicamente para a venda e transporte de plantas e non para que a planta permaneza durante a súa vida útil
- ✓ Frascos de vidro para solucións inxectables
- ✓ Eixos porta CD (vendidos cos CD, pero non están destinados ao almacenamento)
- ✓ Perchas para prendas de vestir (vendidas co artigo)
- ✓ Caixas de fósforos
- ✓ Sistemas de barreira estériles necesarios para preservar a esterilidade do produto
- ✓ Cápsulas para máquinas de bebidas (por exemplo, café, cacao, leite), que permanecen baleiras despois do seu uso
- ✓ Botellas de aceiro recargables utilizadas para varios tipos de gases, a excepción dos extintores

REAL DECRETO 1055/2022

¿Que non é un envase?

- x Macetas deseñadas para que as plantas permanezan nelas durante a súa vida
- x Caixas de ferramentas
- x Bolsas de té
- x Capas de cera que envolven o queixo
- x Peles de embutido ou salchicha
- x Perchas para prendas de vestir (vendidas por separado)
- x Cápsulas de café, bolsas de papel de aluminio e monodose de café en papel de filtro para máquinas de bebidas, que se eliminan co café usado
- x Cartuchos para impresoras
- x Estoxos para CD, DVD e vídeo (vendidos cun CD, DVD ou vídeo no seu interior)
- x Eixos porta CD (vendidos baleiros, destinados ao almacenamento)
- x Bolsas solubles para deterxentes
- x Portavelas (como por exemplo as que se usan nos cemiterios)
- x Muíños mecánicos (integrados nun recipiente recargable, por exemplo, muíños de pementa recargables)

REAL DECRETO 1055/2022

Definicións

Produtor de produto: os envasadores ou os axentes económicos dedicados á importación ou adquisición noutros Estados membros de la UE de produtos envasados para a súa posta en el mercado

Fabricantes de envases: os axentes económicos dedicados tanto á fabricación de envases como á importación ou adquisición noutros Estados membros da UE, de envases baleiros xa fabricados

Envasadores: os axentes económicos dedicados ao envasado de produtos para a súa posta no mercado

Comerciantes ou distribuidores: axentes económicos dedicados á distribución, polo maior ou polo miúdo, de envases ou de produtos envasados:

- a) Comerciantes ou distribuidores de envases: os que realicen transaccións con envases baleiros
- b) Comerciantes ou distribuidores de produtos envasados: os que comercialicen mercadorías envasadas, en calquera das fases de comercialización dos produtos

XERARQUÍA DE RESIDUOS

¿Que é un residuo?

Calquera substancia ou obxecto que o seu posuidor desbote ou teña a intención ou a obriga de desbotar (Lei 7/2022).

¿Que é un residuo de envase?

Todo envase ou material que formara parte dun envase cuxo posuidor desbote ou teña a intención ou a obriga de desbotar en virtude das disposicións en vigor, agás os residuos de produción xerados nos procesos de fabricación dos envases.



REAL DECRETO 1055/2022

PREVENCIÓN

Obxectivos de prevención

	Ano referencia	KPI	Ano obxectivo
Redución do peso	2010	-13% / -15%	2025 / 2030
Envases reciclables e, sempre que sexa posible, reutilizables	-	100%	2030
Redución do número de botellas para bebidas de plástico de un só uso	2022	- 20%	2030

Medidas de prevención

Canle HORECA

Ofrecer a posibilidade de consumo de auga non envasada de maneira gratuíta

Promotores de eventos festivos, culturais ou deportivos

Implantar alternativas á venda de bebidas en envases e vasos de un só uso
Garantir o acceso a auga potable non envasada

REAL DECRETO 1055/2022

PREVENCIÓN

Medidas de prevención

Comercios polo miúdo de alimentación

Presentar a granel froitas e verduras frescas que se comercialicen enteiras

- Non aplica a:**
- Lotes $\geq 1,5$ kg
 - Variedades protexidas, rexistradas, de calidade diferenciada ou agricultura ecolóxica
 - Susceptibles de risco de deterioro ou merma*
- *(a determinar no prazo de 6 meses dende a entrada en vigor do RD \rightarrow 6 meses de prazo para adaptarse)

Fomentar a venta a granel de alimentos (cando o envase non aporte valor engadido ao produto)

Comercios de superficie ≥ 400 m² destinarán o **20% da área de vendas** a produtos sen embalaxe primario

Informar a clientes dos impactos ambientais e obrigas de xestión de residuos dos envases que adquieran*

Dende o **1 de xaneiro de 2023**. Comercios de superficie ≥ 300 m². [Información mínima](#) sobre:

- Obrigas de **devolución** de envases reutilizables
- **Separación** dos residuos de envases nos distintos contedores / puntos de recollida
- Promoción das **bolsas reutilizables** e optimización das bolsas dun só uso
- **Dispoñibilidade** no comercio de envases reutilizables

*Aplicable ao *ecommerce*

REAL DECRETO 1055/2022

REUTILIZACIÓN

Obxectivos de reutilización

Canle	Produto	2025	2030	2035
Canle HORECA*	Auga envasada	30%	40%	50%
	Cervexa	80%	85%	90%
	Bebidas refrescantes	60%	70%	80%
	Outras bebidas	20%	25%	30%
Canle doméstico	Bebidas*		10%	
	Envases**		5%	10%
Canle comercial e industrial	Envases**		20%	30%

*Obxectivos expresados en hL / **Obxectivos expresados en peso

Os envases reutilizables ao final da súa vida útil deberán ser reciclables

REAL DECRETO 1055/2022

REUTILIZACIÓN

Medidas de reutilización

Comercios polo miúdo de alimentación

Os comercios que vendan a granel alimentos e bebidas deberán aceptar o uso de recipientes reutilizables

Comercios de superficie $\geq 300 \text{ m}^2$ asegurarán a dispoñibilidade de envases reutilizables para o consumidor final

Dispoñer de un número mínimo de referencias de bebida en envase reutilizable:

Dende o 1 de xaneiro de 2025:

- Comercios de superficie $\geq 300 \text{ m}^2$ e $< 1.000 \text{ m}^2$: 4 referencias
- Comercios de superficie $\geq 1.000 \text{ m}^2$ e $< 2.500 \text{ m}^2$: 5 referencias
- Comercios de superficie $\geq 2.500 \text{ m}^2$: 7 referencias

Dende o 1 de xaneiro de 2027:

- Comercios de superficie $< 120 \text{ m}^2$: 1 referencia
- Comercios de superficie $\geq 120 \text{ m}^2$ e $< 300 \text{ m}^2$: 3 referencias

Prestar o servizo de retorno de envases reutilizables

REAL DECRETO 1055/2022

Administracións públicas

PREVENCIÓN

Medidas de prevención

Fomentar o consumo de auga potable nas súas dependencias e outros espazos públicos, mediante fontes ou envases reutilizables

Evitar a utilización de envases superfluos

REUTILIZACIÓN

Medidas de reutilización

No marco da contratación pública:

- Priorizarán as iniciativas para a normalización e estandarización de envases e a substitución de envases dun só uso por envases reutilizables e reutilizados
- Incluirán a adquisición de produtos en envases reutilizables e facilmente reciclables, e/ou en envases fabricados con materiais reciclados, cuxa calidade cumpra coas especificacións técnicas requiridas

REAL DECRETO 1055/2022

RECICLADO Y VALORIZACIÓN

Obxectivos de reciclado

Produto		ANTES	2025	2030
Envases		55%	65%	70%
Materiais	Plástico	22,5%	50%	55%
	Madeira	15%	25%	30%
	Metais ferrosos	50%	70%	80%
	Aluminio		50%	60%
	Vidro	60%	70%	75%
	Papel e cartón	60%	75%	85%
Envases de medicamentos			10%	15%

*Obxectivos expresados en peso

Maximizarase a recuperación dos residuos de envases da fracción resto e doutras fraccións de residuos mesturadas sempre que sexa técnica, económica e ambientalmente viable

REAL DECRETO 1055/2022

RECICLADO Y VALORIZACIÓN

Medidas para a promoción do reciclado

Produtor de produto. os envasadores ou axentes económicos dedicados á importación ou adquisición noutros Estados membros da Unión Europea de produtos envasados para a súa posta no mercado

Os produtores de produto tratarán de que os envases de plástico non fabricados con plástico compostable que poñan no mercado, teñan os seguintes contidos de plástico reciclado:

2025: Envases de PET* – mínimo 25% de r-PET

Envases de plástico (no PET)* – mínimo 20% de r-Plástico

2030: Envases de plástico* – mínimo 30% de r-Plástico

*media de tódolos envases que introduzan no mercado

Os produtores deberán cumprir cos obxectivos para botellas de plástico para bebidas (Lei 7/2022)

2025: Botellas de PET** - mínimo 25% de r-PET

2030: Botellas de plástico** - mínimo 30% de r-Plástico

**media de tódalas botellas que introduzan no mercado

REAL DECRETO 1055/2022

RECICLADO Y VALORIZACIÓN

Medidas para a promoción do reciclado

Os produtores de produto tratarán de que os envases fabricados con plástico non compostable que poñan no mercado, alcancen a seguinte porcentaxe de contido en plástico reciclado por envase en **2030**:

35% frascos, garrafas e similares ata 5 L

15% películas de plástico de envasado primario

15% botes, tarros, tarrinas, bandexas, cestas e similares

30% películas de plástico de envasado secundario ou terciario

60% palés, caixas, bidóns, contedores de almacenamento ao por maior e similares

Se se comprometen as funcións esenciais do envase, incorporárase a cantidade máxima posible de plástico reciclado

A cantidade de plástico reciclado contida nos produtos deberá ser certificada mediante unha entidade acreditada para emitir certificación ao amparo da norma UNE-EN 15343:2008

REAL DECRETO 1055/2022

OBRIGAS DE MERCADO E INFORMACIÓN

Obrigatorio

(1 de xaneiro de 2025)

Envases reutilizables → indicación reutilizable e símbolo asociado sistema depósito, devolución e retorno

Envases domésticos → fracción ou contedor onde depositar os residuos dos envases

Envases de plástico compostable → informarán do certificado segundo a norma **UNE EN 13432:2001**

Os envases compostables en compostaxe doméstico ou industrial levarán a indicación «non abandonar no entorno»

Vasos de plástico de un só uso para bebidas

Marcado VISIBLE e facilmente LEXIBLE. Persistente e durable

Voluntario

Material do que está composto o envase

Contido de material reciclado

Símbolo acreditativo de pertenza ao sistema de responsabilidade ampliada do produtor (RAP)

Prohibido

Uso de «respectuoso co medio ambiente» ou equivalentes que poidan inducir ao abandono no entorno

REAL DECRETO 1055/2022

OBRIGAS DE INFORMACIÓN SOBRE A POSTA NO MERCADO DE ENVASES (PRODUTORES DE PRODUTO)

Os produtores de produto teñen que inscribirse na sección de envases do Rexistro de Produtores de Produtos no prazo de 3 meses dende a entrada en vigor do RD

Proporcionar a información do Anexo IV, apartado 1

Datos do produtor, código CNAE, categoría envases postos no mercado, declaración do sistema RAP co que cumpre obrigas, etc.

Aportar o certificado de pertenza a un sistema individual ou colectivo de responsabilidade ampliada do produtor

No momento da inscrición asígnase un nº de rexistro que deberá figurar nas facturas e calquera outra documentación que acompañe ás transaccións comerciais

Recompilar a información do Anexo IV, apartado 2, sobre os envases que poñen no mercado

Cantidades en peso por tipo de material, nº de unidades, categorías de envases, etc.

Remitir esta información anualmente ao Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico (MITERD)

O primeiro ano de reporte será o **2021**

REAL DECRETO 1055/2022

OBRIGAS DO PRODUTOR

Cumprir coas obrigas de deseño de envases, requisitos de fabricación e condicións de seguridade

Dispor dos documentos e información que permitan acreditar a conformidade de que os envases comercializados ou que se pretende comercializar cumpren os requisitos básicos sobre a fabricación e composición dos envases e sobre a natureza dos envases reutilizables e valorizables, incluídos os reciclables.

Cumprir coas obrigas de mercado e información

Elaborar e aplicar plans empresariais de prevención e ecodeseño

Obrigatorio para produtores de produtos que nun ano introduzan no mercado unha cantidade de envases \geq :

- 250 t (só vidro)
- 30 t (so aluminio)
- 20 t (só madeira)
- 300 t (varios materiais)
- 50 t (só aceiro)
- 20 t (só plástico)
- 15 t (só cartón ou materiais compostos)

Carácter quinquenal

Cumprir os obxectivos de prevención, reutilización e reciclado

Establecer sistemas de depósito, devolución e retorno, no caso de envases reutilizables

Financiar e organizar, total ou parcialmente, a recollida e tratamento dos residuos de envases dun só uso

**Lista non exhaustiva

REAL DECRETO 1055/2022

RECOLLIDA SEPARADA

Obxectivos para envases domésticos

		2025	2030	2035
Envases domésticos		65%	75%	85%
Materiais	Plástico	55%	65%	75%
	Madeira	30%	40%	60%
	Metais ferrosos	50%	60%	80%
	Aluminio	30%	40%	60%
	Vidro	70%	80%	90%
	Cartón para bebidas e alimentos	70%	80%	90%
	Papel e cartón	75%	90%	95%
Envases de medicamentos		15%	25%	35%

*Obxectivos expresados en peso

REAL DECRETO 1055/2022

RECOLLIDA SEPARADA

Obxectivos para envases domésticos

	2023	2025	2027	2029
Botellas para bebidas de plástico de un só uso de ata 3 L (Lei 7/2022)	70%	77%	85%	90%

*Obxectivos expresados en peso

Obxectivos para envases comerciais

	2027	2030	2035
Envases comerciais	75%	85%	95%

*Obxectivos expresados en peso

Obxectivos para envases industriais

	2027	2030	2035
Envases industriais	75%	85%	95%

*Obxectivos expresados en peso

Os obxectivos alcanzaranse tanto a nivel estatal como autonómico

REAL DECRETO 1055/2022

Réxime de responsabilidade ampliada do produtor en materia de envases domésticos

Artigo 28. Obrigas dos produtores

Artigo 29. Obrigas dos sistemas de responsabilidade ampliada do produtor en materia de envases domésticos

Artigo 30. Obrigas de comerciantes e distribuidores de produtos envasados

Artigo 31. Obrigas dos consumidores

Artigo 32. Obrigas das entidades locais

Réxime de responsabilidade ampliada do produtor en materia de envases comerciais

Artigo 35. Obrigas dos produtores

Artigo 36. Obrigas dos sistemas de responsabilidade ampliada do produtor en materia de envases comerciais

Artigo 37. Obrigas dos distribuidores de produtos envasados

Artigo 38. Obrigas dos posuidores finais de residuos de envases comerciais

Artigo 39. Obrigas das entidades locais

Réxime de responsabilidade ampliada do produtor en materia de envases industriais

Artigo 41. Obrigas dos produtores

Artigo 42. Obrigas dos sistemas de responsabilidade ampliada do produtor en materia de envases industriais

Artigo 43. Obrigas dos distribuidores de produtos envasados

Artigo 44. Obrigas dos posuidores finais de residuos de envases industriais

REAL DECRETO 1055/2022

Réxime de responsabilidade ampliada do produtor en materia de envases domésticos

Artigo 30. Obrigas de comerciantes e distribuidores de produtos envasados

Os comerciantes ou distribuidores de produtos envasados que realicen tanto venda presencial como a distancia deberán:

- 1) Comercializar produtos envasados procedentes de produtores que dispoñan do número de identificación do produtor do Rexistro de Produtores de Produtos
- 2) Participar nos sistemas de depósito, devolución e retorno que se establezan para os envases dun só uso, nas condicións que se establezan nos acordos cos sistemas de responsabilidade ampliada do produtor
- 3) Colaborar na recollida separada de determinados residuos de envases, cando así o prevea o sistema de xestión organizado polo produtor, ou no que participe
- 4) As medidas de prevención que se adopten deberán respectar os requisitos de deseño (artigo 12.1), serán proporcionadas co resultado que se desexa alcanzar e non discriminatorias
- 5) Separar por materiais os residuos de envases que queden na súa posesión, tralo consumo dos produtos, e entregalos aos xestores autorizados ou, no seu caso, á entidade local
- 6) Proporcionar información aos sistemas individuais ou colectivos acerca dos produtos envasados pertencentes a estes sistemas

REAL DECRETO 1055/2022

Réxime de responsabilidade ampliada do produtor en materia de envases domésticos

Artigo 31. Obrigas dos consumidores

1. Os consumidores de produtos envasados deberán retornar aos comerciantes e distribuidores os residuos de envases suxeitos ao sistema de depósito, devolución e retorno, nas condicións de conservación e limpeza definidas polos sistemas de responsabilidade ampliada del produtor
2. Os consumidores deberán separar por materiais os residuos de envases non suxeitos ao sistema de depósito, devolución e retorno, e depositalos nos contedores habilitados para a súa recollida separada periódica ou no seu defecto, nos puntos de recollida establecidos polos sistemas de responsabilidade ampliada do produtor
3. No caso de envases fabricados por diferentes materiais, se estes poden separarse facilmente, os consumidores deberán separalos e depositalos na fracción ou contedor correspondente
4. No caso dos residuos de envases domésticos xerados no canal HORECA, os posuidores finais estarán obrigados a levar a cabo unha separación por materiais e a súa entrega conforme ao que se estableza nas ordenanzas das entidades locais

REAL DECRETO 1055/2022

Réxime de responsabilidade ampliada do produtor en materia de envases comerciais

Artigo 37. Obrigas dos distribuidores de produtos envasados

Os distribuidores de produtos envasados en envases comerciais deberán:

- 1) Comercializar produtos envasados procedentes de produtores que dispoñan do número de identificación do produtor do Rexistro de Produtores de Produtos
- 2) Participar nos sistemas de depósito, devolución e retorno que se establezan voluntariamente para os envases dun só uso, nas condicións que se establezan nos acordos cos sistemas de responsabilidade ampliada do produtor
- 3) Colaborar na recollida separada de determinados residuos de envases, cando así o prevea o sistema de xestión organizado polo produtor, ou no que participe
- 4) Separar por materiais e perigosidade os residuos de envases comerciais que queden na súa posesión segundo proceda: depositalos en contedores habilitados para a súa recollida separada, depositalos en puntos de recollida ou entregalos directamente a xestores autorizados
- 5) Proporcionar información aos sistemas individuais ou colectivos acerca dos produtos envasados pertencentes a estes sistemas, así coma acerca da xestión dos residuos de envases comerciais, nos casos previstos

REAL DECRETO 1055/2022

Réxime de responsabilidade ampliada do produtor en materia de envases comerciais

Artigo 38. Obrigas dos posuidores finais de residuos de envases comerciais

- 1) Os posuidores finais deberán retornar aos distribuidores ou aos sistemas de responsabilidade ampliada do produtor os residuos de envases comerciais suxeitos ao sistema de depósito, devolución e retorno, nas condicións de conservación e limpeza definidas por los sistemas de responsabilidade ampliada del produtor
- 2) Os posuidores finais deberán separar por materiais e perigosidade os residuos de envases comerciais non suxeitos ao sistema de depósito, devolución e retorno, e segundo proceda:
 - Depositálos nos contedores habilitados para a súa recollida separada periódica conforme ao establecido nas ordenanzas das entidades locais,
 - Depositálos nos puntos de recollida establecidos polos sistema de responsabilidade ampliada do produtor, ou
 - Entregalos directamente a xestores autorizados cando así se prevea nos acordos
- 3) Proporcionar información aos sistemas individuais ou colectivos acerca da xestión dos residuos de envases comerciais, nos casos previstos

REAL DECRETO 1055/2022

Réxime de responsabilidade ampliada do produtor en materia de envases industriais

Artigo 43. Obrigas dos distribuidores de produtos envasados

Os comerciantes ou distribuidores de produtos envasados que realizan tanto venda presencial como a distancia deberán:

- 1) Comercializar produtos envasados procedentes de produtores que dispoñan do número de identificación do produtor do Rexistro de Produtores de Produtos
- 2) Participar nos sistemas de depósito, devolución e retorno que se establezan para os envases dun só uso, nas condicións que se establezan nos acordos cos sistemas de responsabilidade ampliada do produtor
- 3) Colaborar na recollida separada de determinados residuos de envases, cando así o prevea o sistema de xestión organizado polo produtor, ou no que participe
- 4) Separar por materiais e perigosidade os residuos de envases industriais que queden na súa posesión segundo proceda: depositalos en puntos de recollida establecidos polos sistema de responsabilidade ampliada do produtor ou entregalos directamente a xestores autorizados
- 5) Proporcionar información aos sistemas individuais ou colectivos acerca dos produtos envasados pertencentes a estes sistemas, así coma acerca da xestión dos residuos de envases industriais, nos casos previstos


REAL DECRETO 1055/2022

Réxime de responsabilidade ampliada do produtor en materia de envases industriais

Artigo 44. Obrigas dos posuidores finais de residuos de envases industriais

- 1) Os posuidores finais deberán retornar aos distribuidores ou aos sistemas de responsabilidade ampliada do produtor os residuos de envases industriais suxeitos ao sistema de depósito, devolución e retorno, nas condicións de conservación e limpeza definidas por los sistemas de responsabilidade ampliada del produtor
- 2) Os posuidores finais deberán separar por materiais e perigosidade os residuos de envases comerciais non suxeitos ao sistema de depósito, devolución e retorno, e segundo proceda:
 - Depositálos nos puntos de recollida establecidos polos sistema de responsabilidade ampliada do produtor, ou
 - Entregalos directamente a xestores autorizados cando así se prevea nos acordos
- 3) Proporcionar información aos sistemas individuais ou colectivos acerca da xestión dos residuos de envases industriais, nos casos previstos

PROGRAMA IGAPE RESPONDE / TENGO UNA NECESIDAD?





XUNTA
DE GALICIA

En Galicia, contigo #SeguimosAdiante

IGAPE 
RESPONDE

<http://responde.igape.es>



900 815 151

igaperesponde@igape.es